

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Concellería de Festas dentro da programación “Entroido 2026” tiña prevista a actuación da Orquestra **“Paris de Noia”** o días 13 de febreiro na praza da Porta do Sol.

Segundo.- Á vista duha previsión climatolóxica adversa para a citada data, a actuación musical mudou para o venres 20 de febreiro de 2026, na propia Porta do Sol.

Terceiro.- O 05 de febreiro de 2026 **D. Esteban Camacho Piñero**, en representación de la empresa **Lomunoia S.L.**, con NIF **B70429840** y domicilio social en el Polígono Industrial de Augalevada, Parcela nº 3, Noia,o grupo musical contratado presenta a través da sede web do Concello escrito do seguinte teor l

EXPONE

Que con motivo de la celebración de un concierto de la **Orquesta París de Noia Show** (nombre comercial), previsto para el próximo día 13, en la **Puerta del Sol de Vigo**, resulta necesario solicitar una autorización excepcional para el aumento del nivel máximo de emisión sonora hasta **110 dB**.

Que dicho incremento puntual del límite sonoro es imprescindible para que la orquesta pueda desenvolver su trabajo a la perfección, garantizando la correcta audición del espectáculo, la calidad artística del mismo y el cumplimiento de los estándares técnicos propios de una actuación musical de estas características en un espacio abierto y con elevada afluencia de público.

Que la actividad tendrá carácter puntual y limitado exclusivamente a la duración del evento, comprometiéndose la organización a adoptar todas las medidas técnicas necesarias para minimizar posibles molestias y a cumplir con las indicaciones que establezcan los servicios municipales competentes.

SOLICITA

Que por parte de ese Excmo. Ayuntamiento se conceda la autorización para el aumento excepcional del nivel sonoro hasta 110 dB, con motivo del concierto de la Orquesta París de Noia Show, a celebrar el día 13 en la Puerta del Sol de Vigo.

Cuarto.- Consta no expediente informe de impacto acústico (inmisións) de19 de febreiro de 2026, elaborado pola mercantil FLUGE GALICIA.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 10:04	Páxina 1 de 3
147673-210	CSV: A6BFAF-2C2A57-47BA22-T1GK7E-VTDNZP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Dispón o art. 9 da Lei 37/2003 do Ruido (norma básica)

"1. Con motivo de la organización de actos de especial proyección oficial, cultural, religiosa o de naturaleza análoga, las Administraciones públicas competentes podrán adoptar, en determinadas áreas acústicas, previa valoración de la incidencia acústica, las medidas necesarias que dejen en suspenso temporalmente el cumplimiento de los objetivos de calidad acústica que sean de aplicación a aquéllas.

2. Asimismo, los titulares de emisores acústicos podrán solicitar de la Administración competente, por razones debidamente justificadas que habrán de acreditarse en el correspondiente estudio acústico, la suspensión provisional de los objetivos de calidad acústica aplicables a la totalidad o a parte de un área acústica. Sólo podrá acordarse la suspensión provisional solicitada, que podrá someterse a las condiciones que se estimen pertinentes, en el caso de que se acredite que las mejores técnicas disponibles no permiten el cumplimiento de los objetivos cuya suspensión se pretende."

Segundo.- En idéntico sentido, art. 7 do Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

Terceiro.- A vixente ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica (Táboa 1) establece como valores de recepción do ruído no ambiente exterior procedente de actividades suxeitas a autorización municipal para as zonas residenciais e de servizos terciarios non comerciais, 65 db entre as 08:00 h e as 22:00 h, e 55 db desde as 22:00 h ata as 08:00 h.

Cuarto.- No informe de FLUGE GALICIA solicítase 110 dB(A) máximo en FOH (25 m desde PA), e propón como medidas técnicas de control:

Limitador calibrado a 110 dB (A) en FOH
Medición continua con sonómetros clase 1
Registro de Leq 1 min y 15 min, LAFmax
Técnico acústico responsable
Configuración de subs cardioides y line array con shading vertical
Ajuste de orientación y cobertura horizontal/vertical
Finalización dentro del horario autorizado

Quinto.- O carácter eminentemente popular do evento, a súa organización polo Concello, unido á notoria imposibilidade de mitigar a incidencia acústica segundo o estado actual da técnica e dos recursos económicos que racionalmente cabe dedicar a este tipo de espectáculos, resulta procedente acollerse á posibilidade excepcional prevista no art. 9 da Lei 37/2003.

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden veño en elevar á Concelleira de Área de Seguridade a seguinte proposta de

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 10:04	Páxina 2 de 3
147673-210	CSV: A6BFAF-2C2A57-47BA22-T1GK7E-VTDNZP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con ocasión da celebración do Entroido 2026, en cuxa programación está prevista a actuación musical da Orquestra **"Paris de Noia"** o 20 de febreiro de 2026, na Porta do Sol, entre as 21:00 h e as 23:30 h, déixanse en suspenso durante a súa celebración os obxectivos de calidade acústica previstos na vixente ordenanza municipal de ruídos.

Segundo.- O límite máximo de recepción do ruído derivado da celebración do citado espectáculo musical queda establecido en 110 db (A) en FOH, a verificar mediante limitador calibrado a cargo de técnico acústico responsable.

Asimesmo, resultarán de aplicación as demais medidas de control indicadas no antecedente cuarto da presente proposta de resolución.

Terceiro.- Dar a coñecemento público do acordo de suspensión mediante a súa inserción da sede web do Concello de Vigo
Sinatura dixital ao marxe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2026 10:04	Páxina 3 de 3
147673-210	CSV: A6BFAF-2C2A57-47BA22-T1GK7E-VTDNZP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		